

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Setembro 2010

NOTA DE PRENSA

En setembro de 2010 os prezos dos bens exportados diminuíron en termos interanuais un 6,5% e os dos bens importados aumentaron un 12%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 6,5% en setembro de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 12%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 7,3% e os dos bens importados medraron un 10,8%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do -27,2%. Os prezos dos bens de consumo e dos bens de equipo aumentaron un 9,9% e un 1,1% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios medraron un 9% e un 14,7%, respectivamente. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 13,4%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-6,5	-7,3	ÍNDICE XERAL	12,0	10,8
Bens de consumo	9,9	-1,4	Bens de consumo	9,0	3,9
Bens de equipo	1,1	-2,4	Bens de equipo	-13,4	-7,1
Bens intermedios	-27,2	-14,8	Bens intermedios	14,7	14,6

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 5,4% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 10% para a UE-25 e do 8,9% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE aumentaron un 10,6%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 14,4% e os procedentes do resto de países un 6,7%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-5,4	-7,0	UEM	15,2	12,2
UE-25	-10,0	-8,6	UE-25	10,9	8,2
OCDE	-8,9	-7,3	OCDE	14,4	10,0
Resto de países	10,6	-7,4	Resto de países	6,7	12,8

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0308002

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>